

CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL, DE PERSOAL DE APOIO Á XESTIÓN, INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN PARA O CENTRO DE INVESTIGACIÓN MARIÑA DA UNIVERSIDADE DE VIGO, CIM-UVigo

Publicase esta convocatoria, de conformidade coas bases expostas a continuación, do procedemento para a selección para a contratación de persoal de acordo á axuda concedida ao Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo, CIM-UVigo, por resolución do 13 de decembro de 2019 pola que se conceden as axudas da Orde do 19 de setembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das *Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.*

Tendo en conta a necesidade de que as actividades a desenvolver polo persoal a contratar deben iniciarse en febreiro de 2020, aplicarase o procedemento de tramitación de urxencia previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

BASES QUE REGULAN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL, DE PERSOAL DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E Á XESTIÓN PARA O CENTRO DE INVESTIGACIÓN MARIÑA DA UNIVERSIDADE DE VIGO, CIM-UVigo.

1. OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de persoal para a contratación laboral temporal segundo a relación e características que se especifican no Anexo I que contén as prazas ofertadas.

2. REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Os/as aspirantes deberán cumprir, á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, tanto os requisitos xerais para o acceso, como os específicos para as prazas que se convocan.

Requisitos xerais

- Ter cumprida a idade mínima e non ter alcanzado a idade de xubilación establecidas no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas do perfil solicitado.
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.
- Non se esixen requisitos específicos en canto a nacionalidade ou residencia dos solicitantes para a participación nos procesos selectivos. Non obstante, a contratación de persoas de nacionalidade estranxeira non comunitaria requirirá a presentación, nun prazo máximo de tres meses, do permiso que

lles autorice para traballar de acordo co disposto na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Se transcorrido este prazo non obtivera o correspondente permiso, decaerán nos seus dereitos.

Requisitos Específicos

Os restantes requisitos para cada unha das prazas convocadas son os especificados no Anexo I desta convocatoria.

3. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os/as aspirantes deberán presentar a documentación requirida nun prazo de dez días hábiles, a partires do día seguinte da publicación da presente resolución na páxina web do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo. Dito prazo rematará o 14 de xaneiro de 2020 as 15:00 h.

A solicitude, en modelo normalizado publicado como Anexo II deste documento, e demais documentación, enviarase por correo electrónico a: gestion@campusdomar.es.

O/A solicitante deberá acompañar, obrigatoriamente, a seguinte documentación no momento da presentación da solicitude:

- Impreso de solicitude (Anexo II)
- Currículum vitae con indicación expresa dos méritos
- Documentación acreditativa dos requisitos exisidos. Ao longo do proceso selectivo poderá solicitarse a presentación dos documentos xustificativos dos méritos alegados.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicaranse na páxina web do CIM-UVigo as listas de persoas admitidas e excluídas provisionais, abrindo un prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte da publicación da listaxe para emendar os erros e achegar a documentación necesaria. No caso de que todas as persoas aspirantes figuren admitidas, darase por cumprido este trámite.

Transcorrido ese prazo, publicaranse as listas definitivas de persoas admitidas e excluídas.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do Servizo Público de Educación Superior, reguladas na Lei Orgánica de Universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo.

O/A solicitante estará de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados, e de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: xestión administrativa e académica do seu expediente, oferta e presentación de servizos universitarios, realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliacións, enquisas e seguimento dos servizos universitarios prestados, así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e prácticas en empresas. O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitarase ante a Universidade de Vigo.

4. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

A Comisión, para elaborar a proposta de resolución da convocatoria de selección, ordenará as solicitudes dos/das aspirantes de maior a menor puntuación, correspondendo a proposta de adxudicación á persoa aspirante con maior puntuación.

Completado o proceso de selección, publicaranse na páxina web do CIM-UVigo os resultados provisionais, establecéndose un prazo de reclamacións de 5 días hábiles. Vistas as reclamacións ou transcorrido dito prazo sen que se tivese presentado ningunha, publicaranse os resultados definitivos.

Cada Comisión de avaliación poderá, si así está previsto, configurar unha lista de agarda coas persoas con mellor puntuación para atender ás posibles necesidades derivadas do proxecto ou baixas.

A Comisión de avaliación, en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria, poderá declarar deserta de forma motivada a convocatoria de selección convocada.

ANEXO I PRAZAS OFERTADAS

Praza 1. Coordinador/a de Xestión e Apoio a Investigación (CXAI)

Condições:

Data Prevista de comezo e duración do contrato: febreiro de 2020 ata o 31/10/2022

Xornada de Traballo: A tempo completo

Lugar de traballo: Centro de Investigación Mariña, Universidade de Vigo

Posibilidade de renovación: sí, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no proxecto

Requisitos:

- Experiencia mínima acreditada de catro anos en tarefas de xestión/coordinación en institucións públicas, preferentemente universidades
- Mestrado/doutoramento en Ciencias do Mar ou Bioloxía ou afíns/equivalentes
- Formación específica en xestión
- Dominio do castelán falado e escrito (mínimo C1)
- Inglés nivel medio (mínimo B1)

Funcións principais do posto: En dependencia da Dirección do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo, CIM-UVigo, e en coordinación coas Unidades Transversais da Universidade de Vigo, o/a candidato/a levará a cabo as seguintes actividades: (a) actuar como secretario/a do Centro, (b) coordinar as actividades de xestión económica de proxectos, infraestruturas, servizos, persoal, comunicación de carácter institucional do Centro co obxecto de cohesionalo e desenvolver a súa identidade, (c) coordinar as relacións do Centro coas institucións, organismos públicos e empresas para promover a rentabilidade científica da súa actividade, (d) realizar o seguimento do Plan Operativo anual do Centro a través do Cadro de Mando Integral, supervisando o cumprimento dos obxetivos do Plan Estratégico e propoñendo plans de mellora, (e) Elaborar a memoria anual económica e de actividades do Centro.

Criterios de valoración:

- Experiencia profesional (50%)

Experiencia profesional acreditada no ámbito público (adicional ao mínimo requirido): coñecemento e desenvolvemento de tarefas de xestión en unidades de especialización das universidades (Programas nacionais e rexionais), especialmente no ámbito mariño (20%)

Experiencia profesional acredita en Xestión económica e técnica de proxectos en Universidades (10%)

Experiencia profesional acreditada no deseño e organización de eventos e grupos de traballo de ámbito mariño (10%)

Experiencia profesional acredita en investigación mariña (10%)

- Formación (10%)

Cursos de formación ou especialización relacionados coa praza (5%)

Galego nivel medio-alto (5%)

- **Entrevista (40%)** A comisión convocará a unha entrevista aos 3 candidatos/as con maior puntuación e que teñan superado unha puntuación de alomenos un 30% do 60% máximo no apartado de Experiencia e Formación.

Comisión de Avaliación

- Daniel Rey García (Director do CIM-UVigo)
- Jose Manuel García Estévez (Director da ECIMAT)
- Maria Teresa de Castro (Coordinadora de Investigación, Desenvolvemento e Innovación no Comité de Dirección do CIM-UVigo)

Praza 2. Coordinador/a de actividades de Innovación e Transferencia (CIT)

Data Prevista de comezo e duración do contrato: febreiro de 2020 ata 31/10/2022

Xornada de Traballo: A tempo completo

Posibilidade de Renovación: Si, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no proxecto e sen exceder a data de finalización do proxecto

Requisitos:

- Experiencia mínima acreditada de catro anos en posto similar, preferentemente universidades
- Licenciatura ou Grado en Ciencias do Mar, Bioloxía ou afíns/equivalentes
- Dominio do castellán falado e escrito (mínimo C1)
- Dominio do inglés. Nivel C1 ou superior

Perfil Técnico: en dependencia da Dirección do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo, CIM-UVigo, e en coordinación coas Unidades Transversais da Universidade de Vigo o/a candidato/a levará a cabo as seguintes actividades:

- Promover, deseñar e levar a cabo proxectos e actividades de innovación e transferencia a nivel rexional, estatal e internacional, incluíndo a preparación de solicitudes de financiamento, a configuración de consorcios, a definición do marco financeiro, e a obtención de apoios do entorno na execución de proxectos de innovación e proxectos de cooperación Universidade-Empresa
- Valorizar os resultados da investigación do Centro, impulsando a xeración de patentes e contratos de licenzas de dereitos de propiedade industrial e a creación de empresas de base tecnolóxica de ámbito mariño
- Impulsar a estratexia de internacionalización das actividades, tecnoloxías e servizos do Centro
- Participar na supervisión e execución dos Plans Operativos anuais do Centro, na redacción de memorias, informaes e indicadores, e no desenvolvemento e promoción da súa identidade corporativa, así como na organización de eventos, en coordinación co/a CXAI

Criterios de valoración:

- Experiencia profesional (50%)

Experiencia profesional acreditada no ámbito público (adicional ao mínimo requerido): dirección e xestión de proxectos de innovación e transferencia de ámbito mariño, a nivel rexional, estatal e internacional (15%)

Experiencia profesional acreditada no ámbito privado: dirección e xestión de proxectos de innovación e transferencia de ámbito mariño, a nivel rexional, estatal e internacional (15%)

Experiencia profesional acreditada no deseño e organización de grupos de traballo e eventos de innovación, transferencia de tecnoloxía e emprendemento mariños (10%)

Experiencia profesional acredita en investigación mariña (10%)

- Formación (10%)

Títulos de Mestrado de ámbito mariño (4%)

Cursos de formación ou especialización relacionados co perfil técnico (3%)

Galego nivel medio-alto (3%)

- **Entrevista (40%):** A comisión convocará a unha entrevista aos 3 candidatos/as con maior puntuación e que teñan superado unha puntuación de alomenos un 30% do 60% máximo no apartado de Experiencia e Formación.

Comisión de Avaliación

- Daniel Rey García (Director do CIM-UVigo)
- Jose Manuel García Estévez (Director da ECIMAT)
- Maria Teresa de Castro (Coordinadora de Investigación, Desenvolvemento e Innovación no Comité de Dirección do CIM-UVigo)